

::: 9 ROEIS, 9 OVOS :::

Estratexicamente dispostos, os 9 ovos debuxan unha **relación dialóxica** entre o papel da **muller na Idade Media** e a situación concreta da mesma ao longo da **historia da fortaleza de San Paio de Narla**, reflexo do tratamento represivo que a femia padeceu en todo Occidente ata o derrubamento da **tradicón decimonónica**. Sobre un **leito**, que repousa á beira dun pequeno berce, a artista alude ao **rol reprodutivo** das donas, que para poder optar a un **matrimonio**, e a unha dignidade que por defecto tiña xénero masculino, necesariamente tiñan que proceder dunha boa **familia nobre a potente**, e sobre todo, ser **fértiles** e garantir unha loable descendencia.

A elección do **espazo** tamén agacha unha fonda reflexión. Trátase dun apouso, dunha **alcoba**, que acolleu no seu interior a vida de **Dona Catalina de Tirso**, chea de infortunio, cando casa co pretensioso **Vasco de Seixas**, quen lle amarga a existencia por ser bondadosa cos seus vasalos. Acusada polo seu marido de **adulterio**, finou nas súas mans de xeito desleal, polo que outorga a este espazo unha potencia engadida.

Ademais deste diálogo co relato de Dona Catalina, Paula Cabaleiro vincula o ovo e a súa colocación nesta instalación á **simboloxía heráldica** de tres importantes **liñaxes** na historia luguesa: a reprodución ovípara vencella cos xa mencionados **Seixas**, que son representados mediante catro pombas; os 9 ovos, aluden ao mesmo número de roeis que constitúen ó escudo dos **Ordóñez**; e, finalmente, a disposición dos mesmos trazan unha semellanza formal co ácimo de uvas, dos **Sarmiento**.

Tamén é certo que o 9 reitera esa concordancia coa muller: 9 meses constitúen a **vida intrauterina**, a xestación. E o concepto **muller-obxeto**, vese reflectido no delicado ornamento dos ovos, a través da indumentaria, do accesorio, que desenrolaba unha cuestión fundamental no embelecemento e **envoltura do corpo**. Os **valores cromáticos** das pequenas pezas non fan máis que enfatizar ese **devezo de ostentación** na vestimenta da muller nestes séculos de patriarcado.

Paula Cabaleiro

San Paio de Narla, 2011
Arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0





9 ROEIS, 9 OVOS ::: PAULA CABALEIRO

Instalación. Ovos de galiña, pintura acrílica, e puntilla

Medidas variables

Museo Etnográfico San Paio de Narla (Friol, Lugo)

2011